a Movida
Vigo
RELATO
COMPARTIDO

RELATO COMPARTIDO

Propuxémoslles a dez escritores ligados a Vigo a angueira de confeccionar unha ficción colectiva ambientada nesta cidade. Respondendo amablemente á nosa chamada, **Ledicia Costas** iniciou un relato cuxo ronsel foron seguindo, capítulo a capítulo, **Pedro Feijoo, María Reimóndez, Domingo Villar, María Xosé Porteiro, Marcos Calveiro, Francisco Castro, Manuel Esteban, Rexina Vega** e **Inma López Silva.** A historia foise sucedendo nas páxinas da revista *A Movida* entre maio de 2021 e abril de 2022. Este número especial, o cincuenta da nosa historia, abrangue o resultado dese relato compartido.

I

Cheguei onte a Vigo. O tren deixoume na estación ás 23:50. Non eran horas para patear a cidade. Menos aínda despois dunha viaxe tan longa. Quitei as botas, deiteime na cama do hotel coa roupa posta e caín rendida. Espertoume o móbil e levei un susto de morte. Era Otto, sempre Otto, aínda que eu xa non poida máis. Quería saber se chegara ben. Díxenlle que si sen moitas ganas e colguei, sen darlle máis explicacións nin deixarlle oco para máis preguntas. Xa cometín ese erro demasiadas veces. Alemaña está moi lonxe e non penso acurtar esa distancia. Nin co país, nin con Otto.

Almorcei na cafetaría do hotel. Escollín a única mesa libre pegada á cristaleira. Desde alí pode verse toda a rúa. Recoñezo que estaba nerviosa e que continúo no mesmo estado de excitación. É inevitable, levo moitos anos agardando este momento. Saín do hotel e camiñei directa ata aquí. Estou na Porta do Sol. Levo xa un bo anaco diante do Edificio Simeón. Coñézoo ben por fotografías e planos, mais hai detalles que necesitaba ver en directo. Pel con pel. O traballo de cantaría é abraiante: follas de carballo, hedra, rosas, rododendros... Tamén hai animais. A fachada do edificio está inzada de golfiños, pombas, dragóns, un galo que observa todo desde arriba... E as gárgolas, eses monstros grotescos coa mirada perdida no infinito. Por un momento teño a sensación de que miran cara a un lugar estraño e imposible de percibir para o ollo humano. O mesmo punto que contempla o Sireno, ou a ninfa que viaxa a lombos dun dragón, no Paseo de Afonso XII. Como se debaixo da pedra desas criaturas latexase a vida, mais nunha versión inalcanzable. Pero, alén da simboloxía dos elementos e da marabilla de edificio que teño diante, eu quería vela a ela. Está no primeiro andar, debaixo do balcón central da segunda planta do edificio. É o rostro dunha anciá enmarcado en motivos vexetais. Anoto nun caderno todo o que me parece importante, as sensacións que me provoca esa cara que, en realidade, non se parece demasiado á auténtica. Non hai moitas fotografías súas nos álbums familiares, mais si as suficientes para ter os trazos do seu rostro gravados na miña cabeza. Din que me parezo moito a ela cando era nova. Que herdei o seu carácter e que teño que aprender a controlarme. Tamén din que sería mellor esquecer esta movida. Deixala pasar, porque hai cousas que non se deben desenterrar. Nunca, baixo ningún concepto. Mais eu non penso afastarme un milímetro do plan que me trouxo ata aquí.

II

Aínda inmóbil fronte á fachada do Simeón, volvín pensar nel. «Xa sabes o que tes que facer —dixera o alemán—. Os sinais están aí, á vista de todo o mundo, *meine liebe*». Otto (sempre Otto) e a súa puta maneira de facer as cousas...

Porque o problema con esta cidade é que está chea de sinais. Mires onde mires, hai trazos por todas as partes. Rostros labrados na pedra, liñas marcadas no chan, impactos cicatrizados nas paredes... Algúns son moi evidentes, outros non tanto. E, os agochados, sempre o están da mellor maneira posible: á vista de todo o mundo. Portas que son túneles, torres que son pantasmas, buracos que son historia...

Aínda coa ollada posta no rostro da muller, volvín morder o beizo con rabia. «De acordo —pensei—, xoguemos».

Localizar a primeira clave fora fácil. Era o seguinte paso o que complicaba as cousas. Porque se o rostro de María Román identificaba o punto de partida, a seguinte marca, tal como me advertira o alemán, indicaba a hora límite.

—Como dou con ela? —preguntara.

Otto nada máis me devolvera unha ollada divertida.

—Segue á muller, ela sabe onde mirar...

Así pois, seguindo a ollada da nai dos Gómez Román, virei sobre min mesma. E volvín maldicir ao comprender. «Non podía ser outro edificio, eh, Otto?».

O Hotel Moderno non é unha construción calquera. É un pequeno gran palacio chantado no medio e medio da cidade. Unha obra de arte que ben podería estar en calquera esquina do bulevar Haussmann. Pero Pacewicz non o levantou en París, senón aquí, na Porta do Sol. E, por suposto, decorado como para a mesmísima fin do mundo... Comezando polos seus perpiaños, inmensas moles de granito gravadas en todo un labirinto de formas irregulares. Liñas curvas, pequenas serpes a se enredar entre elas polas paredes do edificio...

Busquei durante un tempo que se me fixo eterno. Arriba, abaixo, na fachada principal, pola banda da rúa do Carral... Pero nada, alí non había hora ningunha. Ata que, xusto cando a piques estaba de abandonar toda esperanza, de súpeto, e case sen querer, dei nun recanto do balcón principal con algo que se parecía a catro números camuflados na pedra. 1902. Un ano. Ou, segundo a lóxica de Otto... Claro, unha hora. 19:02.

Mirei o reloxo. 12:54.

«Merda...».

III

O teléfono volveu soar. Entro pola rúa do Príncipe sen facerlle caso. Pensara en dirixirme á ría pola rúa de Elduayen para entreter os pensamentos da certeza do que deixara ben amañado en Berlín, mais non quería poñerme de mal humor. Sabía polo *Faro,* que como boa viguesa lía incesante, da desfeita, mesmo con protestas veciñais intensas. Había cousas que non tiñan sentido, por moito que algúns señores se emperrasen. Ante eles, sempre as reviradas. Que por iso estou eu aquí, non por Otto. O recordo de como tentou apropiarse da miña historia cando lla contei, de como tentou poñerse el no centro do relato, facerse o meu titor, ou guía espiritual ou gurú ou... Aí segue coas súas chamadas e xogos, mesmo despois dos golpes. Ando a máis velocidade con ira.

Como puiden acabar aí? Toda esa leria de Otto remata hoxe. Non máis chamadas. Non máis explicacións. Non máis tentar que a miña historia fose súa. Aférrome a que esta é unha cidade de mulleres valentes e a ela pertenzo. Non só está aquí escrita a historia do busto de pedra ao que me parezo. Detéñome ante a placa mentres a xente pasa diante da porta sen saber dela. «Nesta casa tivo a súa consulta a ilustre doutora Olimpia Valencia». Nun tempo no que as mulleres tiñan prohibido o acceso á educación, á vida plena, ela, con 21 anos fíxose médica. Teimou. Tamén a miña irmá Leonor, médica que seguiu as raíces da parte alemá da nosa familia e marchou a aquel país; que chamou por min, filóloga galega, para seguir os pasos de Margot Sponer.

A miña irmá Leonor. Médica, algo que semella normal. Mais non o sería sen Olimpia. Sen a doutora Valencia. Fico aquí chantada pensando na luz amarela que invade os quirófanos. Lembro ante a súa placa a asepsia, a cabeza perdida da anestesia. O meu non fora un aborto decidido, senón o froito dunha malleira. *«Es ist vorbei»,* dixérame Leonor. Ata as reviradas podemos acabar así, rotas. Mais non inmóbiles e moito menos soas.

Por iso cando o teléfono soa cunha mensaxe ás 13:15 e leo, simplemente, *«Vorbei»,* sei que Otto non me chamará máis. Nin a min nin a ninguén. *«Kein Verlust»,* penso, na miña outra lingua. E un peso moi grande desaparece dos meus ombreiros. Esa era unicamente a paz que precisaba para non ter a sensación de fuxir e volver á miña misión. Seguir tirando do fío daquela traizón, do fío que une a Sponer coa cidade, do papel da miña familia nun Vigo onde os nazis procuraban o que precisaban para a guerra. Porque toda cidade, entre a luz que a ilumina, agocha unha parte de sombras.

IV

Ás 13:30 inda é cedo para xantar en Vigo, pero un estómago berlinés xa leva un anaco bo ruxindo de fame. Así que pedín consello culinario a un home que me recordou a Walter, o meu querido profesor de bioloxía. Recomendoume unha taberna da rúa de Elduayen chamada A Mina e podo asegurar que acertou. Logo deambulei pola cidade sen apenas pensar en Otto, a súa curta mensaxe de despedida e a misión que me trouxera até aquí.

Ás 18:00 sentei a tomar café nunha das terrazas da praza da Constitución, saquei o caderno e tomei uns apuntamentos rápidos. As pistas agochadas nos edificios déranme algunhas claves, pero inda albergaba varias incógnitas. Unha era a data do encontro. Sería hoxe o día elixido? Estaba disposta a achegarme ao edificio Simeón todas as tardes á hora indicada. Tampouco coñecía a identidade do meu contacto, pero asumín que a persoa enviada por Otto sabería recoñecerme a min.

Media hora antes das 19:02 pedín a conta, e pouco despois xa estaba apostada nunha das columnas do edificio. Un saxofonista de cabelo louro tocaba a poucos metros, baixo a estatua do Sireno, e intimamente agradecín comprobar que non o facía nada mal. Botei unha primeira ollada a esquerda e dereita: a Porta do Sol non parecía demasiado concorrida, pero a rúa do Príncipe bulía de xente. Mentres agardaba, pasaron fronte a min decenas de transeúntes silandeiros, parellas vellas e novas, dúas nais a empurrar carriños de bebés e un grupo de adolescentes alborotados... A todos os acompañei un treito buscando en van un sinal cómplice. Apoiada na columna oín, por enriba do saxofón, as sete badaladas nas campás da Concatedral.

Volvín mirar arredor e atopei os ollos dun home vestido con chaqueta gris. Non o vira chegar pero, sentado nun banco próximo, aquel home non deixaba de fitarme. O saxofonista fixo unha pausa e a cidade pareceu deterse sen a música. Consultei o reloxo: 19:01.

—Perdón, filla —sacoume da concentración a voz dunha anciá que cargaba unha bolsa de compra en cada man.

Apartei para deixala pasar e a vella deu un par de pasos cara ás escaleiras mecánicas que ascendían á parte alta da zona vella. Logo pousou as bolsas no chan, tomou aire, deu outros tres ou catro pasos e deixou as bolsas outra vez no piso. Era evidente que lle pesaban demasiado.

—A onde vai? —pregunteille.

—Vivo xusto aí —respondeu a anciá, e sinalou o final do primeiro tramo de escaleira mecánica.

—Aí? —preguntei, para confirmar que se refería ao primeiro portal.

Mirei o reloxo e confirmei que era a hora: as 19:02. Podía carrexar as bolsas da vella e estar de volta no Simeón en menos de medio minuto.

Mirei aos lados. Por todas as direccións se movía alguén, pero soamente o home de gris semellaba reparar en min.

1102

Fíxenlle un xesto para pedirlle unha tregua e, cunha bolsa en cada man, encamiñeime ás escaleiras mecánicas.

—Grazas, bonita —musitou aliviada a vella, vindo tras de min.

As bolsas pesaban máis do que eu esperaba, pero empecei a subir os chanzos de dous en dous. Ao chegar arriba, volvinme.

A anciá continuaba na beirarrúa, aos pés da escaleira mecánica.

—Non sobe? —pregunteille.

Ela negou coa cabeza.

—*Viel glück* —dixo, desexándome sorte, e desapareceu.

Desconcertada, botei unha ollada no interior das bolsas. Atopei roupa escura, cordas, un pasamontañas, dúas pistolas, munición, explosivo plástico, unha palanqueta pequena, un temporizador...

Aquelas bolsas contiñan todo o que eu precisaba para acadar a miña misión.

V

A alarma do móbil indicaba que pasaban tres minutos das sete da tarde. 60 segundos despois do que parecía un indicio no Hotel Moderno, 1902 xa só podía ser unha data que a miña ansiedade convertera na hora da revelación. Había de descifrar a mensaxe e repasei o caderno. Pareceume relevante a descuberta do rostro de María no Edificio Simeón. Agora, esta segunda pista podía remitirme ao mandato de volver ao pasado que deixara a inesperada mensaxe do omnipresente Otto. Un calafrío conseguiu descentrarme. Tiven a mesma sensación cando a enigmática despedida da muller das bulsas co seu «boa sorte»: as mensaxes cruciais chegaban na lingua materna! E con ela, a magoante lembranza que me deixara Leonor da criatura que non puido nacer...

De súpeto, sentín o contacto do chan frío co que topou a miña tempa dereita. Caera baixo a impoñente escultura do Sireno por unha laxe descolocada. Non perdín o coñecemento, mais tampouco era quen de moverme nin falar. Unha morea de rostros ao meu redor fíxome pechar os ollos para minguar o afogo. As bulsas quedáranme apreixadas entre as pernas e decidín aproveitar os minutos que tardaría en chegar unha ambulancia para aparentar un desmaio e deseñar unha saída. Precisaba salvar aquela situación embarazosa —e perigosa— para os meus obxectivos. Nesas estaba cando sentín o frío dun líquido xeado sobre a fronte. O efecto foi inmediato e non puiden senón obedecer o mandato do mozo que conseguira facerme saír da parálise botándome enriba unha cervexa. Axiña conseguín desfacerme dos curiosos que teimaban en axudarme, puiden prestar atención ao meu espertador. Tiña o sorriso ladeado e a ollada marcaba unhas faccións asiáticas. Achegóuseme e musitou a palabra que levaba na cabeza desde que asumira a misión: «Völkisch». O impacto que me produciu era o estímulo que precisaba. Recuperei o control das bulsas co seu contido bélico e comprendín que chegara ao punto de xiro dun guión extraordinario. Mentres tanto, o home desaparecera entre a xente que paseaba pola Porta do Sol na noite fría e neboenta. Nun aceno autómata, volvín consultar a hora. Eran as 19:25 dun 27 de febreiro, aniversario, en 1925, da chegada ao poder do supremo líder da xerarquía nazi. Comprendín que debía deseñar unha nova estratexia. Así mo indicara o mozo que me espertou da aparente síncope sufrida. Berrei: *Völkisch!*

Non había tempo que perder.

VI

Xa no hotel, comecei xuntar todas as pezas do crebacabezas, as de Otto e as que eu atopara, para determinar o meu seguinte paso. A procura deses «obxectos de poder» por parte da *Ahnenerbe,* a división esotérica e ocultista das SS nazis. As fracasadas expedicións na procura do Graal, tanto no sur de Francia como en Cataluña. E logo o azar ou o destino que os levou a descubrir aquela anotación da malpocada de Margot Sponer cando, tras a súa detención pola Gestapo en febreiro de 1945, confiscaran todos aqueles papelorios seus. A lingüista alemá visitara o noso país no ano 1926 e contactara co Seminario de Estudos Galegos, coa Real Academia Galega e coa revista Nós, pois estaba moi interesada no galego medieval. Como muller intrépida que era, percorrera a cabalo parte da provincia de Lugo e chegara ata O Cebreiro. No seu caderno de campo escribira aquela referencia ao *Heileger Gral,* achado ao que os nazis se aferraran á desesperada ante a súa inminente derrota fronte ao bando aliado. Coa guerra perdida pensaban que o Graal podería mudar o curso dos acontecementos. Polo que Otto me contara, a expedición nazi, da que o meu avó Klaus formara parte, chegara ao Cebreiro e acadara o seu obxectivo; mais cando agardaban en Vigo no hostal Águila para embarcar nos peiraos e regresar a Alemaña, o 30 a abril de 1945, Hitler suicidábase no seu búnker de Berlín. Aquí perdíase a pista.

Otto estaba seguro de que o Graal permanecera ben agochado na cidade durante os últimos 75 anos. Xa tiña as ferramentas nas bolsas que a vella me entregara. Só precisaba o lugar para empregalas e rematar por fin. Mais ignoraba cal era. Volvería ao edifico Simeón á hora indicada e gardaría por outra nova revelación.

Xa eran máis das oito e pola Porta do Sol non aparecera ninguén: nin a vella, nin o mozo, nin o vello. Desesperada, baixei pola rúa do Carral para dirixirme á Alameda e alí, entre ás árbores, tentar procurar por unha solución. Cando descendía pola rúa da Vitoria, batín co cartel do Hotel Águila, herdeiro daquel onde se hospedaran os nazis no 45. Dei uns pasos para atrás e ollei para a calella da miña esquerda. Ao fondo, víase un arco de pedra tapiado e, sobre o encalado, alguén debuxara unha porta de madeira medieval cunha vieira e, máis arriba, un estraño emblema coa lenda *«Ora pro nobis».* Era un pintura moderna, abofé, pero que estivese alí non podía ser casual. Este era o lugar onde empregaría o material das bolsas. Era a miña mellor opción, non tiña outra. Esta noite, regresaría.

VII

Tiña claro que o mellor era ir descansar ao hotel. Quizais tomar un baño. Aclarar a mente. E actuar. Desde que chegara a Vigo estaba a ser unha especie de monicreque manexada por alguén. Por Otto? Pola enigmática vella que me puxera nas mans todo aquel *kit* terrorista co que non sabía moi ben que facer?

Deixei que deran as 12:00. E como na canción de Sabina, a unha e as dúas e as tres. Teletenda. Películas vellas. Vigo dorme. Ata as gaivotas dormen. Os espíritos dos soldados nazis que unha vez desfilaron por Vigo seguro que non dormen. Algo, probablemente a lembranza de Otto, faime pensar nesas fantasmas que, de certo, han de estar agardándome na rúa.

Saio e o frío da noite golpéame na cara. Diríxome cara a porta medieval pintada no encalado. Levo o pauferro. A porta está pintada xusto sobre un azulexo. Ollo á dereita e á esquerda. Non hai ninguén. O *«Ora pro nobis»* está algo borrado, como se alguén o tentase facer desaparecer coa palma da man. Meto o pauferro por unha pequena greta preto da vieira. Fago presión. A lousa cae no chan. Vigo dorme, seica, profundamente. Agardo a que se prenda algunha luz. A que alguén me berre. Nada. Saco o móbil e prendo a lanterna. Pegada á parede, unha moeda. Sácoa. É un *reichmark,* a moeda do estado nazi. Estivo en vigor entre os anos 24 e 48 do século pasado. Debería, pero non me sorprendo. A aguia alemá semella sorrirme. Entendo que Otto levaba razón cando me dicía que o pasado sempre volve.

Meto a moeda no peto e volvo ao hotel. Agárrame no peito unha absurda angustia fría. Non tería por que. Non creo que vaia pasarme nada. A min polo menos, non. A Otto quizais. Non o sei. Prefiro non pensar. Entro no hotel.

O recepcionista dorme na mesma posición en que o deixei cando saín, lixeiramente ladeado á dereita. A cabeza apoiada na parede.

Estou no segundo piso. Vou a pé. Crúzome cunha muller duns cincuenta anos. Debe de ser a amante de alguén que volve co marido. O pensamento é absurdo, pero é o que me vén á cabeza. Sorrí ao se cruzar comigo. Non lle devolvo o sorriso. Meto a chave e xa é tarde de máis. Baixo ás carreiras os dous pisos.

O recepcionista segue na mesma posición.

A muller sube nun coche. Recoñecina. Pero é tarde. Era a vella. A que eu pensei que era vella. A que Otto, ou quen sexa, fai que se movan os fíos do monicreque que son. Subo.

O recepcionista está debruzado cara atrás e hai un fío de sangue que lle cae por un lado da boca.

Achégome a el. Está morto. Ten unha guía de Vigo pechada sobre os xeonllos. Cólloa. Hai algo dentro. É unha moeda a xeito de marcapáxinas. Xa sei que é un *reichmark.* Pegada con celo, sobre unha foto da ermida da Guía, no barrio de Teis. Teño que ir alí.

A vella, seino, está esperándome. No máis alto do ceo de Vigo.

VIII

Quixera subir agora ao meu cuarto e tapar a cabeza co cobertor. Quixera desaparecer deste pesadelo que me liga aos meus mortos mal morridos, a un pasado convulso nunha cidade que é, e o non é a miña. No teléfono, nin rastro de Otto. O malnacido de Otto, o abusador que me move coma se fose unha nena atrapada nun mortal xogo de pistas. O corazón báteme moi forte. Penso en que debería chamar á policía, pobre rapaz, non había de ter máis alá de trinta anos e aí o está, coa vida derramada sobre unha guía turística dunha cidade industrial. Que final tan cutre, penso con mágoa. Reparo nos seus trazos, nas súas faccións asiáticas. Sobre o respaldo da cadeira vexo unha chaqueta gris: si, velaí o cómplice eliminado por molesto, por inútil. Que grandísima cabrona esa que agora me agarda na ermida da Guía, esa muller na que percibo tamén un aire familiar. Demasiados fantasmas. Esta viaxe está indo ao fondo dos meus medos, ao meu propio abismo.

Subo cara ao cuarto e apaño a bolsa co explosivo plástico, o temporizador e mais a pistola. Fóra está escuro e, coma sempre, cae esa poalla fina que o impregna todo de desconforto e de tristeza. Pillo un taxi que me leva pola beiramar. Entre os guindastres e as moles dos silos do porto, brillan as luces de posición como distópicos vagalumes aéreos. O coche para na explanada da ermida. Estou na boca da ría, no lugar onde mar se converte en lagoa, en auga enganosamente mansa. Baixo do taxi, o condutor ten medo, ten medo de min. «Quen será esta tola que me pide unha carreira tan absurda?». En canto estou fóra, pisa o acelerador e desaparece. A poalla escórreme polas fazulas, intento buscar ao redor de min a figura da muller estraña que me manexa. Ninguén. Achégome á varanda e decátome de que sobre un dos telescopios do miradoiro sobre a ría hai algo pegado con celo. Claro, un puto *reichsmark!* O corazón está a saírme pola boca. Intento secar coas mans a auga que me enchoupa os ollos e miro. Si, alí a está. Alí embaixo, nun embarcadoiro miúdo. Está rodeada de focos, bañada nunha estraña luz dourada, a mesma que os artúricos situaban no Cebreiro, a capital invisible do Imperio Secreto, a luz de Luzbel. Quere que vaia, que me abisme, quere.

Na miña cabeza todas as pezas comezan a cobrar sentido, o embarcadoiro onde outro Otto enviaba o ouro do volframio, o metal indispensable para a vitoria da raza aria. Otto, o outro Otto, o mesmo Otto co que eu fun dar, coma se as nosas vidas estivesen condenadas a repetirse. Apreixo a pistola e decido baixar ao fondal da ría. Teño que seguir xogando.

IX

Non me leva moito dar con el. Alí está, xusto debaixo do peitoril onde atopara a última moeda: a entrada tapiada dun vello túnel. Ao seu carón, a misteriosa muller que me levara ata alí.

Despois da malleira e do aborto xurara, como Escarlata no outeiro de Tara, que nunca había volver pasar por aquilo. Pero para entón o castrón de Otto xa me tiña ben collida polo pescozo. Enviárame de volta aquí para facerlle o traballo sucio, vixiada pola muller que teño diante. Xa estou farta de bailar o seu baile. A miña voz supura carraxe cando me dirixo a ela.

—Por que teño que entrar eu a buscar a vosa merda? Por que non entrades vós a collelo? Por que todo este xogo absurdo de pistas se xa sabiades onde estaba? E por que tivo que morrer a miña filla?

Berro cada vez máis forte. Tanto ten, porque estamos soas.

—Ah —ri a muller— porque o Graal non é un fin, senón un camiño, *meine liebe,* e porque o teu avó se cadra deixou algunha trampa inesperada. Quen mellor que a súa neta para descubrilo?

—Entón, xa está? Entro, collo o que sexa que leve aí agochado case oitenta anos, entrégovolo, e deixádesme en paz?

A muller asente, dá media volta e marcha deixándome soa, aínda invicta naquel perigoso xogo que está a librarse nos alicerces da cidade. Unha procura rápida no móbil amósame algúns datos: baixo o monte da Guía hai seis túneles abandonados, construídos entre os anos 1926 e 1927. Un deles, o que comunicaba o peirao de carga coa ETEA, a antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada, puido servir de refuxio en caso de ataques aéreos ou como dique para submarinos durante a segunda guerra mundial. Ese debe de ser o lugar onde está agochado iso que chaman o Graal, non cabe dúbida. O que Otto non sospeita é que o avó Klaus xa me avisara de todo isto antes de fuxir do Colexio Alemán e ser executado no Campo de Concentración Gusen II. Levo a súa carta, a que lle enviou á miña nai antes de ser capturado, gardada entre as páxinas do meu caderno. Por iso sei o que vou atopar baixo a montaña que garda a entrada norte de Vigo. O que nunca debía ser revelado.

Fago memoria para lembrar o curso acelerado sobre explosivos que recibira antes de saír de Berlín. O muro é vello e pouco sólido, así que non é moi complicado: colocar un pouco do plástico no lugar axeitado, conectar o temporizador e poñerse a cuberto ata escoitar a labazada xorda da detonación. Nada espectacular, pero eficaz. Abondo para que os cascallos deixen un oco para pasar.

Solto o seguro da pistola, gardo o resto do explosivo na mochila e entro na escuridade.

É hora de rematar.

X

Sempre me cansaron eses libros sobre o Santo Graal que me obrigaban a ler na secundaria, e quen me iría dicir daquela que un día estaría baixo o monde da Guía, coma unha Indiana Jones galaica, facendo coma quen que lle procuraba a copa santa a unha nazi que non quería manchar as mans sucias con xelamonita. Tamén vos digo que nin son eu tan valente nin estou tan áxil como pensades, e se non chega a ser porque sabía de antemán que o que meu avó deixara alí agochado era unha condenada bicicleta —piñón fixo, tubo De Dion, guiador baixo—, aforraría todo o alarde dos explosivos e o medo que pasei. Por suposto, dubidei —claro que dubidei!— da existencia da bicicleta. Pero, por todas as valquirias, que opcións me quedaban se non tiña maneira de saber se ao meu avó lle estragara o siso vivir con tanto psicópata das SS no Colexio Alemán?

O olor a humidade picábame no nariz e, ás apalpadelas, dei en pensar que, no kit de superheroína, non estaría de máis ter metido unha lanterna, digo eu. En definitiva, que non tiña plan B, e toda a miña sorte dependía das paranoias dun vello ao que non coñecera, e mais do meu plan A que, basicamente, consistía en agocharme na escuridade ata que a lurpia aquela entrase por min. Entón, coa bici, sairía da escuridade coma Nosferatu e fenderíaa que nin Lara Croft. Por certo, se as rodas, oito décadas despois, estaban picadas, eu estaba perdida. E se a nazi era paciente, tamén.

Como notariades, falo en pasado, e contra o que toda esa literatura do Santo Graal vos fixo crer, as mortas non falan. Obviamente, saín viva e pensei máis que nunca quen me mandaría a min andar a procurar tesouros, coma se despois de perder unha filla non tivese nada mellor que facer. Así que non hai heroicidade, queridas: asegúrovos que as bicicletas enferruxadas son máis silenciosas que o fermoso rumor dos carballos da Guía, na compaña das ondas de Rande. De xeito que pedaleei silandeira, e asumindo que apertar os dentes e engurrar o meu cello peludo me faría invisible. É dicir, que ao final a bici salvoume como o Graal salvou ao doutor Jones e a tantos templarios, para desgraza das artes e as ciencias cinematográficas.

Imaxino que aquela muller, aburrida de esperar, entraría no túnel e, ao non atoparme, liscaría. Despois de comprobar por enésima vez que, por onde pasaron, os nazis non deixaron máis que merda. Tras a curiosa aventura que vivimos, aquela nazi pasou a outra cousa que a definise coma o personaxe máis inconmensurablemente pertinaz desta historia, por suposto, moito máis famosa e querida ca min, que debera ser protagonista: aí a tedes agora dando mitins noutra comunidade autónoma como candidata dun partido ultrafascista. Que saibades que, cando fun á poli para acusala de asasinato, me chamaron populista, radical e progre e mandáronme saír por onde entrara coma se nada.

Pero, en fin, todo isto foi para que entendésedes por que gardei a pistola e a xelamonita que sobrou. Serei feliz para sempre.

I

Ledicia Costas

(Vigo, 1979). Moi querida entre o público máis novo, aínda que tamén escribe para adultos, esta escritora achégase á trintena de títulos publicados, cifra que supera coas obras colectivas. Con *Escarlatina, a cociñeira defunta* recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 2015. En 2023 recibiu a Medalla Castelao e publica *A Señorita Bubble. Deus salve as raíñas.*

II

Pedro Feijoo

(Vigo, 1975). Músico e escritor, compón ensaios nos que frecuentemente se trata a temática galega e nomeadamente viguesa, namentres que entre a novela histórica e a novela negra, asina unha narrativa que engancha a través dunhas tramas nas que frecuentan a cidade de Vigo. Gañou o Premio Xerais de Novela en 2023 coa obra *Ninguén contará a verdade.*

III

María Reimóndez

(Lugo, 1975). Unha das voces galegas do feminismo actual, dedícase tanto á novela para diferentes idades como a poesía, o ensaio e a tradución. A súa novela *O club da calceta* está ambientada en Vigo e foi adaptada ao teatro e á televisión. En 2023 publicou as novelas *Multitudes* e *Furia,* gañadora esta última do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.

IV

Domingo Villar

(Vigo, 1971-2022). Comentarista radiofónico de fútbol, gastronomía e literatura, conquistou un grande éxito como escritor a través da triloxía de novelas negras protagonizada polo inspector Leo Caldas: *Ollos de auga, A praia dos afogados* e *O último barco.* Tamén publicou o libro de relatos *Algúns contos completos* e en 2023 estreouse a súa obra póstuma: a peza teatral *Síbaris.*

V

María Xosé Porteiro

(Vigo, 1952). Xornalista e escritora feminista, desde 1981 publica biografía, ensaio e novela. En 2001 publica *Covardes,* considerada como unha das primeiras novelas *noir* con Vigo como protagonista. En 2019 destacou coa novela histórica *Sándalo.* En 2023 publica a novela *Tabiba,* que se nutre dunha intriga histórica co pobo bérber como protagonista.

VI

Marcos Calveiro

(Vilagarcía de Arousa, 1968). Escritor, avogado e taberneiro que comezou a súa carreira como autor literario cunha narrativa dedicada ao público infanto-xuvenil, para continuar con obras para adultos. Sen abandonar o público máis novo, a súa obra máis recente é *Curros & Holmes no misterio d'o kapital.* Na actualidade exerce como director de edicións na Editorial Galaxia.

VII

Francisco Castro

(Vigo, 1966). Publicou novelas tan sonadas como *Xeración perdida, Chamádeme Simbad* ou *O corazón da Branca de Neve,* coa que gañou en 2013 o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia. Exerceu como director xeral da Editorial Galaxia entre decembro de 2016 e setembro de 2023. Melómano declarado, en outubro deste ano publica o disco *Agora é o tempo.*

VIII

Rexina Vega

(Vigo, 1966). Doutora en filoloxía e investigadora especialista na obra de Álvaro Cunqueiro. Foi crítica literaria en publicacións como *A Nosa Terra, Grial* ou *Praza.gal.* Recibiu o Premio Xerais de Novela en 2007 por *Cardume,* á que sucederon outras tres novelas. Exerce actualmente como profesora de lingua e literatura na Universidade de Vigo.

IX

Manuel Esteban

(Vigo, 1971). Médico que exerce como profesor da rama sanitaria da Formación Profesional. En 2016 recibiu o Premio Xerais pola súa primeira novela, *A ira dos mansos,* á que seguiron *O meu nome é Ninguén* e *A vinganza dos homes bos,* completando unha triloxía policial protagonizada polo inspector Carlos Manso. En 2023 publica a novela xuvenil *Setestrelo.*

X

Inma López Silva

(Santiago de Compostela, 1978). Escritora, crítica teatral e docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, colabora habitualmente en xornais e revistas como *Revista Galega de Teatro.* Os seus ensaios céntranse na loita feminista, causa á que tamén se pode vencellar boa parte da súa obra como novelista, sendo a última *Escola de mulleres,* publicada en 2023.

Revista A Movida | Volume 6 (9), outubro de 2023 [50]

Edición: Tamara Novoa

Ilustración: Bea Gregores

Deseño e maquetaxe: Rubén González

Revisión de textos: Uxío Couto

Edita: A Movida Cultural S.L. | www.amovida.gal | @amovidavigo

Colabora:

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuíto. Prohibida a súa venda